

Actividade nº 1 *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

Lé este poema

Xan

*Xan vai coller leña ó monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a poda-las viñas,
Xan vai a apaña-lo esterco,
e leva o fol ó muíño,
e trai o estrume ó cortello,
e vai á fonte por augua,
e vai á misa cos nenos,
e fáí o leito i o caldo...
Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos que a cada muller
lle conviña un polo menos.
Pero cando un busca un Xan,
casi sempre atopa un Pedro.*

*Pepa, a fortunada Pepa,
muller do Xan que sabemos,
mentras seu home traballa,
ela lava os pés no rego,
cátalle as pulgas ó gato,
peitea os longos cabelos,
bótalles millo ás galiñas,
marmura co irmán do crego,
mira se hai ovos no niño,
bota un ollo ós mazanceiros,
e lambe a nata do leite,
e si pode bota un neto
ca comadre, que agachado*

*traillo en baixo do mantelo.
E cando Xan pola noite
chega cansado e famento,
ela xa o espera antre as mantas,
e ó velo entrar dille quedo:
-Por Dios non barulles moito...
que me estou mesmo morrendo.
-¿Pois que tes, ña mulleriña?
-¿Que hei de ter? Deita eses nenos,
que esta madre roe en min
cal roe un can nun codelo,
i ó cabo ha de dar comigo
nos terrós do simiterio...
-Pois, ña Pepa, toma un trago
de resolio que aquí teño,
e durme, ña mulleriña,
mentras os meniños deito.*

*De bágoas se enchen os ollos,
de Xan ó ver tales feitos;
mas non temás, que antre mil,
n'hai máis que un anxo antre os
demos,
n'hai máis que un atormentado
antre mil que dan tormentos.*

**Rosalía de Castro, Follas Novas,
1880**



Atividades sobre sobre o poema de Rosalía

O poema leva o título de “Xan”. Cando se di dun home que é un Xan, que se está a dicir? Contrastade as vosas impresións previas coa definición do dicionario. Tendo en conta esta definición, volvede a reler o poema e comentade aqueles aspectos que nos fan ver que o protagonista é un Xan.

- Pareceche xusto o reparto de tarefas que teñen entre eles Xan e Pepa? Por que? Como coidas que se pode sentir o Xan? E a Pepa, que opinades dela?
 - Cal pensades que é a intención de Rosalía ao escribir este poema? Busca os versos nos que a autora “toma posición” coa condición da muller da súa época. Investiga que estaba a acontecer a finais do século XIX , a época na que se escribe este poema, coa loita das mulleres a prol dos seus dereitos, e reflexionade por que motivo, sendo a condición das mulleres moi semellante ao longo da historia, este poema -ou outros coma este- non foron escritos antes.
 - Como credes que é un Pedro, segundo a alusión no poema? ¿Pensades que unicamente é posible para os homes ser un Xan ou un Pedro nas súas relacións coas mulleres?
 - Facede a listaxe de todas as actividades, de labores ou de lecer, que aparecen no poema, e repartídeas entre o Xan e a Pepa, de tal xeito que o reparto sexa equitativo e non sexista. ¿Pensas que hoxe en día xa se reparten as cousas deste xeito, ou “algo queda” do que denuncia o poema?
 - O poema ilustra unha das ferramentas máis poderosas que temos para detectar o sexismo: darlle a volta ao reparto de roles entre sexos e ver se aínda seguimos a opinar o mesmo da situación que queremos analizar. Pensade en situacións nas que poidades aplicar esta metodoloxía e acostumádevos a usala sempre!
-

Actividade 2. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

NAWAL EL SAADAWI (1932, Kafir Tahla , *Exipto*). *Doutora en medicina. En 1957 foi nomeada Directora Xeral de Sanidade, cargo do que foi cesada tras publicar os seus estudos sobre as mulleres e a sexualidade no mundo árabe.*



“Como médica rural, vivín perto da xente do pobo, compartín as súas experiencias, aprendín das súas vidas, fun testemuña da tripla praga da pobreza, a ignorancia e a enfermidade. As mulleres cargaban cun dobre peso, porque tamén sufrían a opresión dos seus pais e homes, irmáns e tíos e dos outros homes. Vin mozas queimarse vivas ou tirarse ás augas do Nilo e afogarse para escapar da tiranía dun pai ou dun esposo. Tentei axudalas, pero os homes de poder do pobo, coa complicidade das autoridades do Estado, fixeron que me trasladasen a outro lugar, acusándome de non respectar os valores tradicionais da comunidade, ou de incitar ás mulleres a rebelarse contra a relixión e a lei”

“A filla de Ise”, libro autobiográfico

Actividades sobre o texto de Nawal El Saadawi

- Comenta a frase: “as mulleres cargaban cun dobre peso”. Pensa en situacións máis próximas que evidencien esta realidade.
- Comenta a frase: “os homes de poder do pobo, coa complicidade das autoridades do Estado”. Fala coa túa nai ou coas túas avoas para que che conten as leis que estaban vixentes cando naceron e mentres medraban e que discriminaban as mulleres. Elabora unha lista de cousas que ti fas habitualmente e que elas non podían facer por lei ou porque estaban sancionadas socialmente.
- Indaga de que xeito se xustificaba esa discriminación. Hoxe en día esas leis están abolidas. Pensas que as ideas que as sustentaban tamén desapareceron?
- Busca comentarios, actitudes, refráns, expectativas... que evidencien a vixencia da devandita discriminación.

Actividade 3. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*



“... A muller ten dereito a ser levada ao cadalso e, do mesmo xeito, debe ter o dereito a subir á tribuna”.

Olympe de Gouges

Actividades sobre Olimpia de Gouges

OLIMPIA DE GOUGES foi guillotínada polos seus compañeiros da Revolución Francesa por reclamar para as mulleres os mesmos dereitos que a Revolución consagraba para os homes. Busca nos libros de Historia do teu curso o papel que tiveron as mulleres durante a Rev. Francesa e a loita polos seus dereitos en igualdade cos homes. Coidas que está ben tratado este tema, ou pensas que se minimiza a discriminación das mulleres? A que se pode deber isto? Comenta a frase de Olimpia no seu contexto histórico, e escribe outras semellantes con reivindicacións actuais. Fai un mural con todas elas que comece coa seguinte frase da mesma autora: “*Excluíronnos de todo poder, de todo saber, pero esquecerónse de quitarnos a posibilidade de escribir.*”

Actividade 4. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

“O longo proceso de socialización vivido até os nosos días, influíu poderosamente na educación das persoas en función dos estereotipos sexistas que caracterizan tal proceso desde as orixes.


A partir da análise desta realidade, desde os presupostos da teoría feminista, vaise creando unha filosofía coeducadora das nenas e nenos, desde a que sexa posíbel deseñar e potenciar unha educación da persoa, que superando os limitados estereotipos sexistas, sexa integradora da riqueza que se

desenvolveu na cultura feminina e masculina. Desde esta filosofía trátase de buscar as claves explicativas da educación sexista que se imparte actualmente, no ámbito familiar, no escolar e a través dos medios de comunicación. Estúdanse as consecuencias desta educación tanto a nivel persoal, como colectivo. Proponse un modelo novo de persoa que, superando os estereotipos culturais “feminino” “masculino”, potencie un desenvolvemento integral das propias capacidades.”

María José Urruzola . *Introdución á filosofía coeducadora*

Actividades

- Fai unha listaxe de adxectivos que caractericen ás persoas, e valora se, segundo os estereotipos de xénero, poden considerarse características masculinas ou femininas. Debatede sobre os aspectos positivos e negativos de todos eles, e facede unha proposta de características que toda persoa debe ter para a súa propia felicidade e para construír unha sociedade mellor.



- Comenta a frase da actividade 3 e propón cinco cousas que debemos desaprender as mulleres e cinco que deben desaprender os homes. Que che parece máis difícil, aprender ou desaprender?

Actividade 5. O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo

Non se ten unha idea adecuada da feminización do traballo se non se ten en conta o feito de que existe un desexo feminino de estudar e traballar non só por necesidade económica nin para ser como os homes, senón por un desexo autónomo feminino de afianzamento no mundo. (...)

O que nos di a nosa experiencia é que as mulleres non se entregan por enteiro á medida do diñeiro nin tampouco á da carreira; senón que ao mercado lévano todo, isto é, tamén a calidade das relacións no posto de traballo, a resposta dos outros e das outras á súa presenza, os resultados cualitativos do seu traballo...

Extracto do texto publicado en «Via Dogana» 30 (marzo 1997) 8-9.
Tradución María-Milagros Rivera Garretas

Actividades

- Comenta o parágrafo sobre o desexo feminino de estudar e traballar. Pensa na túa vida futura, de adulta. Como a imaxinas? Que esperas que che aporte un posto de traballo, a maiores dun xeito de gañar a vida? Que cantidade de tempo da túa vida estarías disposta a dedicar a traballar? Paréceche importante o que afirma a autora sobre as achegas das mulleres ao mundo do traballo? ¿Cres que sinala condicións que até agora non se tiveron en conta?
- Indaga as categorías profesionais nas que se divide o mercado de traballo. En cales consideras que a presenza feminina é significativa? A que atribúes a ausencia de mulleres nas demais? Con que ámbitos están relacionadas as profesións “feminizadas”?
- A medida que as mulleres se incorporan masivamente a un ámbito laboral, os salarios baixan, a precariedade aumenta e o prestixio da profesión diminúe. A que atribúes este fenómeno?

Actividade 6. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

BRONWYN DAVIES, profesora da Escola de Educación de Wéstern Sidney , Australia; experta en Xénero e coeducación

A PRINCESA DA BOLSA DE PAPEL

Esta é a historia da princesa Elizabeth e o príncipe Ronald. Un día, cando os mozos namorados proxectaban con detalle o seu matrimonio, irrompeu en escena un gran dragón que prendeu lume ao castelo de Elizabeth e aos seus vestidos. Despois do estrago, o gran dragón fuxiu voando, levando consigo ao príncipe Ronald, transportado polos fandiños dos seus pantalóns. A princesa Elizabeth púxose furiosa. Encontrou unha bolsa de papel, vestiuse con ela e perseguiu ao dragón. A princesa enganou ao monstro facéndolle exhibir todos os seus poderes máxicos até que, á fin, o dragón ficou durmido. A princesa, rapidamente, entrou na cova do dragón para salvar a Ronald. Mais atopouse coa sorpresa de que o seu príncipe non quería ser salvado por unha princesa cuberta de feluxe e sen máis nada posto ca unha bolsa de papel. Elizabeth, estupefacta ante o repentino xiro dos acontecementos, diríxese ao seu amado coas seguintes palabras: *“Ronald, o teu traxe é realmente bonito e o teu cabelo está moi ben peiteado. Pareces un verdadeiro príncipe, pero és un idiota”*. A historia acaba mostrando como a princesa se afasta, soa, baixo a posta de sol, ...e coas seguintes palabras: *“ Despois de todo, non casaron”*.

(Da obra “Sapos e Cobras e contos feministas”, recollido por NURIA VARELA en “Feminismo para principiantes”)


Actividades

- Responde este conto aos papeis tradicionais atribuídos a homes e mulleres na nosa sociedade? Cal sería o final ao que nos ten acostumados este tipo de contos? Coidas que os contos inflúen na forma en que construímos a nosa identidade?
- Dálle a volta aos roles de xénero e descubrirás se os contos, as películas, os chistes, os refráns,... describen a realidade ou a constrúen, é dicir, se serven para ensinar a rapaces e rapazas que cousas poden desexar, esperar ou facer. Repite esta inversión de roles

con todas as situacións que se che ocorran, que vives a cotío: a última película que viches, os contos que coñeces desde pequena, as revistas “femininas” que les, os chistes sobre as mulleres e a súa incapacidade para entender as novas tecnoloxías...

- Pensa se nos teus soños, nos teus planos de futuro, nas túas expectativas, inflúe esta aprendizaxe que chamamos socialización. As túas respostas serían as mesmas se foses do sexo contrario?

Actividade 7. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*



“A representación do mundo, así como o mundo, é tarefa dos homes; eles descríbennos desde o seu punto de vista particular, que confunden coa verdade absoluta.”

SIMONE DE BEAUVOIR,
O segundo sexo

Actividades

Pódeche parecer esaxerada esta afirmación. Como exemplo, busca nos libros de Historia cos que estudas de que maneira vivían as mulleres en todas as épocas. Sabes as diferenzas que supuñan para elas uns períodos históricos ou outros? Aparecen nos teus libros as dificultades e as prohibicións que impediron que houbera mulleres en moitos ámbitos? Se che parece escasa esta presenza, por que coidas que non se che conta? Poderías nomear unha ducia de mulleres que lograron superar as barreiras do seu tempo? Pídelle á túa profesora ou profesor de cada materia que dedique unhas cantas clases a contarvos onde están as mulleres da súa disciplina e por que non hai máis.

Actividade 8. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

“Para ambos os dous sexos (..) a vida é ardua, difícil, unha loita perpetua. Require unha coraxe e unha forza xigante. máis que nada vivindo como vivimos da ilusión, quizais o máis importante para nós sexa a confianza en nós mesmos. Sen esta confianza somos como bebés no berce. E como enxendrar o máis a présa posíbel esta calidade imponderábel e non obstante tan valiosa? Pensando que os demais son inferiores a nós. Credo que temos sobre a demais xente unha superioridade innata, xa sexa riqueza, o rango, un nariz recta...De aí a enorme importancia que ten para un patriarca, que debe conquistar, que debe gobernar, o crer que un gran número de persoas, a metade da especie humana, son por natureza, inferiores a el. Debe ser , en realidade, unha das fontes máis importantes do seu poder(...) Durante todos estes séculos as mulleres foron espellos dotados do máxico e delicioso poder de reflectir unha silueta do home do tamaño dobre do natural..”

Virginia Woolf, *Unha habitación propia*



Actividades

- A autora fala do espello que somos todas as mulleres para calquera home, e a consecuencia que ten sobre a autoestima de ambas partes. Pensa en todas as imaxes que se envían ás mulleres desde os contos, os refráns, as películas, novelas, chistes,... sobre como somos as mulleres. Fai unha lista de características pretendidamente femininas, e das masculinas correspondentes. Paréceche que son igualmente valoradas unhas e outras?
- Pensa en situacións que te fan sentir insegura (falar en público, protestar, probar a arranxar algo, determinadas críticas, etc.) nas que sentes que che falta “autoestima” e reflexiona sobre se, en xeral, os rapaces teñen as mesmas dificultades.
- Pensa en todas as situacións nas que os homes reciben reforzo positivo constante das mulleres: rirlles os chistes, pedirllas axuda para cuestións que se perciben como exclusivamente masculinas, non facerlles depender tanto da súa imaxe pública, propoñelos e apoialos para cargos públicos...
- Fai un decálogo de actitudes, un pacto entre compañeiras e compañeiros, de apoiarnos unhas ás outras do mesmo xeito en que se reforza a autoestima dos rapaces.

Actividade 9. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

“17 de Febreiro de 1869

Querido diario,

O primeiro motivo polo que gardo este rexistro do tempo pasado en Heidelberg é para preservar os detalles da miña vida para que futuras xeracións de mulleres poidan ler sobre os meus esforzos e a miña experiencia. Futuras fillas, netas, bisnetas, desexo que o futuro vos depare días máis doados como mulleres e que poidades gañar o respecto polo voso intelecto sen penalidades.



A miña paixón polas matemáticas ten sido frustrada polos homes na miña vida durante moitos anos. O meu pai e o meu home Vladimir opuxéronse á miña educación en matemáticas, xa que non é costume que as mulleres participen en custións académicas. Sei, sen embargo, que o meu cerebro funciona tan ben como o de calquera home e que algún día acadarei o meu obxectivo de chegar a ser unha matemática recoñecida.

Despois do fin do meu matrimonio e a morte do meu home, vin dende Moscú aquí, á Universidade de Heidelberg. Hai moitos estudantes internacionais que veñen á Universidade, pero non teño visto ningunha outra muller no campus. Ó chegar atopeime con que non podería asistir a clases porque son muller, aínda que me considero a min mesma preparada. Teño discutido este asunto cos directores da Universidade, e finalmente danme a liberdade de asistir, co permiso dos profesores.”

Traducción dun extracto do diario de Sofia Kovalewska

Actividades

Sofia Kovalewska non só foi unha grande matemática do século XIX, senon tamén unha firme defensora dos dereitos das mulleres. A súa vida é un exemplo paradigmático dos atrancos que atopaban as mulleres para desenvolver as súas capacidades, ou paren obteren o recoñecemento que se merecían. Infórmate sobre a súa biografía e fai unha listaxe das discriminacións que sufriu ó longo da súa carreira por ser muller.

Busca máis información sobre a vida das científicas que aparecen neste calendario e redacta un artigo sobre as experiencias que compartiron, en épocas e países distintos, no seu afán de querer adicarse á ciencia, sendo mulleres.

Actividade 10. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

*“Agora vamos envoltas en consignas fermosas
desafiando pobreza e medos
berrando vontades contra os malos augurios
e este sorriso sobre o horizonte”*

Gioconda Belli.

Actividades

Seguro que coñeces algunha desas “consignas fermosas que desafían pobreza e medos”. En pequenos grupos escollede as que máis vos gustan e explicade ao resto da clase por que preferides esas. Facede logo un mural con todas as que pensastes e poñédeo á entrada da aula ou onde consideredes.



O mundo moderno coa súa crise de valores necesita da experiencia acumulada das mulleres no terreo da conciliación, do diálogo, de volver a priorizar as relacións humanas, a ser bos veciños, a coidar aos enfermos, defender aos débiles, de nos coidar os uns aos outros”

Sabes de que se fala cando se menciona a crise de valores da nosa sociedade? Fai unha posta en común coas túas compañeiras e os teus compañeiros. Describe situacións nas que a conciliación, o diálogo,... estean presentes e situacións nas que estean ausentes.

Actividade 11. O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo



“A auténtica emancipación non comeza nas urnas nin nos tribunais. Comeza na alma das mulleres.”
Emma Goldman

“Ensináronnos a ter medo á liberdade, medo a tomar decisións, medo á soidade. O medo á soidade é un grande impedimento na construción da autonomía.” **Marcela Lagarde**



Quen sabe o que as mulleres poderán chegar a ser cando, finalm ente, sexan libres delas mesmas?
Betty Friedan

Actividades

Todas estas mulleres falan sobre a necesidade de cambio interior das mulleres para poderen ser libres de construír as súas vidas. Unha das consecuencias da educación sexista é a “colonización interior”, a interiorización de normas, desexos, expectativas, patróns afectivos,... que nos impiden desenvolver todo o noso potencial. Fai unha lista de medos e inseguridades, de cousas que non che gustan de ti mesma, e pensa onde as aprendiches, a quen llas oes, onde as les,... Fai a mesma listaxe de cousas que che gustan de ti. Que resulta máis doado, facer a primeira lista ou a segunda? Como pode afectar nas relacións afectivas unha baixa autoestima?

Relaciona as frases destas autoras co texto de Virxinia Wolf da actividade número 8, e reflexiona sobre a relación que pode ter coa data do 25 de Novembro.

Actividade 12. *O que escribiron algunhas mulleres a través do tempo*

Apenas un exemplo servirá para ilustrar o ridículo que pode chegar a ser o extremo da inclusión nas categorías xenéricas. Durante anos as clásicas Asociacións de Pais de Alumnos convocaban reunións nos centros escolares ás que, por circunstancias sociais diferentes, acudían preferentemente, cando non exclusivamente, nais. Esas asociacións, así e todo, continuaban denominándose Asociacións de Pais de Alumnos. Ata que un día se comezou a percibir a anomalía e se decidiu que as nais, implicadas de cheo no proceso educativo, deberían estar presentes na convocatoria. Por iso, en Galicia, nos últimos anos vén sendo xa habitual que estas asociacións se denominen ANPAS(Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas), a pesar de que o acrónimo contradiga a moi cacarexada norma ortográfica de que antes de *p* e *b* se escribe *m*. Cando unha persoa decide formar parte dun colectivo de calquera tipo é porque quere intervir, modificando aspectos do funcionamento do mundo (das institucións, dos centros de ensino, dos costumes) que cre poder mellorar. Cando unha persoa toma unha decisión como esta, non quere ser transparente. Así que, cando o *n* de *nai* vence as leis da ortografía, as nais están optando pola insubmisión. Unha insubmisión esta que é simbólica máis non ineficaz: ao final a ortografía é tamén unha forma coa que detentar poder a través da linguaxe e, como di humoristicamente Mosterín, constitúe unha institución de reforma máis difícil que a propia toma da Bastilla coa que comezou a Revolución Francesa.

Teresa Moure, “A palabra das fillas de Eva”

Este texto fala da existencia do sexismo na linguaxe, e opta por loitar por cambiar esta realidade. Busca exemplos de linguaxe sexista, dende os máis evidentes ata os máis sutís.

Na actualidade, na nosa sociedade está moi vivo o debate respecto á linguaxe sexista. Busca as distintas argumentacións que se dan neste debate e pondera as mesmas. Se tes dificultades para atopar argumentacións que defendan a existencia de discriminación a través da linguaxe, remítete a obra da que este texto é extracto e busca os argumentos que máis che convencen. Reflexiona de paso sobre cál che parece a posición dominante neste debate e a que cres que debe a súa hexemonía.

Reflexiona sobre o que a autora quere dicir ó falar das persoas que non queren ser transparentes. Pensa en cántas cousas hai polas que queredes visibilizarte e compara as que son máis importantes para ti coas opcións que escollen outra xente do teu entorno. Escoita os argumentos que teñen para priorizar cuestións distintas ás túas.

